



CONCELLO DE PONTECESO
r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)
Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTECESO E A ANPA ANDARES

En Ponteceso, a 11 de novembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Isabel Freijeiro García, en representación de ANPA ANDARES, con DNI núm. 46904878 N intervindo con facultade plena para a firma do Convenio

Doutra parte, Xosé Lois García Carballido, alcalde do Concello de Ponteceso con DNI núm. 32.672.607-A, que conforme ás atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, intervén con capacidade plena para a firma do presente Convenio.

Tódalas partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade suficiente para a sinatura do presente convenio

EXPOÑEN

I) Que as entidades locais, en canto Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con entidades privadas, en base ao disposto no artigo 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

II) Que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións se prevé a posibilidade de concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

III) Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións se configura o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

IV) Que na Base 32.1 de execución do orzamento do Concello de Ponteceso para o exercicio 2020 se prevé unha subvención nominativa a favor da ANPA ANDARES para gastos derivados da promoción do deporte e da cultura e do fomento das accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar, sendo que o coeficiente de financiamento é de 1.

En base a todo o que se acaba de expoñer, subscríbese o presente Convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS



CONCELLO DE PONTECESO
r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)
Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento por parte do Concello de Ponteceso dunha subvención nominativa prevista na Base 32.1º de execución do orzamento para o exercicio de 2020 a favor da ANPA ANDARES por importe de 400,00 €. A aplicación orzamentaria á que se imputa é a 2020.323.489.00.

SEGUNDA: Que as actividades subvencionadas consisten na promoción do deporte e da cultura e no fomento das accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar.

TERCEIRA: Non será necesario acreditar o pago da documentación xustificativa con carácter previo ao abono da subvención por parte do Concello de Ponteceso. Esta cantidade será xustificada na forma descrita na cláusula oitava do presente convenio

CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e da aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

QUINTA: Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda) e se realicen no prazo establecido.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros debedores das contas bancarias.
- b) xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) gastos de procedementos xudiciais.
- d) impostos directos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos sobre a renda.

SEXTA: Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei xeral de subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención durante o período correspondente.

SÉPTIMA: Son obrigas dos beneficiarios:

- 1) Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2) Xustificar perante o Concello de Ponteceso o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- 3) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- 4) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 5) Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social. Este extremo en virtude do artigo 24.4 do RD 887/2006, de 21 de xuño polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións poderá substituírse por unha declaración responsable



CONCELLO DE PONTECESO
r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)
Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

6) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantan o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

8) Dar adecuada publicidade do carácter público da financiación da actividade subvencionada que sexan obxecto de subvención, co logotipo aprobado polo Concello de Ponteceso.

9) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

OITAVA: A subvención regulada no presente convenio é compatible con outras subvenciones, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais sempre que a suma das axudas non excede o custe da actividade subvencionada.

NOVENA: Xustificación:

A xustificación do cumprimento das condicións importas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión, documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

O prazo para presentar a conta xustificativa en ningún caso poderá ser superior aos 3 meses, contados dende que rematou o prazo para realizar a actividade. O prazo para realizar a actividade remata o 15 de novembro.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

a) unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos

b) unha relación clasificada dos gastos da actividade con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

c) detalle de outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación de importe e procedencia

Á conta xustificativa se achegarán copia das facturas incluídas nela.

A entidade beneficiaria disporá dun prazo de 30 días a contar dende o ingreso por parte do Concello de Ponteceso da subvención concedida, para acreditar o pago da/s factura/s que se presentan como documentación xustificativa. O pago se acreditará mediante a presentación do xustificante de transferencia bancaria.

DÉCIMA: Reintegro.

Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA: Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións.



CONCELLO DE PONTECESO
r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)
Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

DÉCIMO SEGUNDA: O presente Convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

E sen máis que manifestar en proba de conformidade, asinan electrónicamente este convenio de colaboración,

O alcalde,

A representante da
ANPA ANDARES

Xosé Lois García Carballido

Isabel Freijeiro García